



CRITERIOS DE APLICACIÓN DAS BONIFICACIÓNS NA COTA COLEXIAL

(Aprobados pola Xunta de Goberno na súa sesión 17/2023 de 19 de decembro).

As disposicións do presente documento, aplicaranse ás cotas colexiais e bonificacións que fixe a Xunta Xeral, nos termos que este órgano estableza. Estes Criterios comprenden exclusivamente unha normativa de desenvolvemento e apoio do sistema de cotas, servizos e bonificacións que fixe a Xunta Xeral.

NORMAS COMÚNS A TODAS AS BONIFICACIÓNS DA COTA COLEXIAL:

- **Condicións xerais:**
 - o As bonificacións dispoñibles en exercicios anteriores, que non se recollan na regulación das cotas en vigor, caducarán cando remate o ano natural no que se recoñeceron.
 - o Non se poderán aplicar varias bonificacións ao mesmo tempo. En caso de ter dereito a varias, aplicarase a máis favorable para o solicitante.
 - o A solicitude de aplicación de calquera bonificación suporá unha aceptación expresa dos requisitos establecidos polo Colexio, implicando un compromiso de comunicar calquera modificación nas circunstancias que fundamentan o dereito a aplicala.
 - o Aplicaranse exclusivamente mentres o Colexio teña constancia do mantemento da situación que orixinou o dereito a percibila.
 - o As bonificacións non se aplicarán con carácter retroactivo, salvo cando así o determine a Xunta Xeral.
 - o En caso de que no momento de recoñecemento dunha bonificación, xa se devengara a cota ordinaria correspondente ao exercicio en curso, a mesma aplicarase na cota e servizos do exercicio seguinte.
 - o O dereito a aplicación da bonificación por maternidade/paternidade, desemprego de arquitectos ao servizo da administración pública con dedicación exclusiva, cando a vinculación non sexa permanente, rematará o 31 de decembro do exercicio para o cal se solicitou .

- **Entrega da documentación acreditativa:** os colexiados que soliciten unha bonificación por primeira vez ou en todo caso cando soliciten a bonificación por desemprego ou de arquitectos ao servizo da administración pública con dedicación exclusiva, cando a vinculación non sexa permanente, deberán entregar a documentación acreditativa requirida para a aplicación da bonificación correspondente, segundo as seguintes indicacións:
 - o A documentación acreditativa deberá ser entregada no formato que se estableza cando se abra o prazo de configuración da colexiación, debendo aportarse no momento de realizar a solicitude de aplicación da bonificación e dentro do prazo que se indique.
 - o En caso de que a mesma sexa errónea ou incompleta deberase completar nun prazo de 10 días desde o requirimento da mesma.
 - o Os colexiados que soliciten unha bonificación e que non aporten a documentación acreditativa no período indicado, deberán abonar a cota íntegra anual que resultaría de non aplicar a bonificación. Isto non implica a



- perda do dereito á bonificación senón que supón que neses supostos a obtención da condición bonificada e en consecuencia a aplicación efectiva da bonificación quedará pendente de que os Colexiados aporten toda a documentación acreditativa correspondente.
- o A Secretaría Colexial, en caso de estimalo oportuno, reservarase a posibilidade de requirir os documentos que considere necesarios para completar a acreditación da bonificación.
 - o Os Colexiados que no exercicio anterior aplicaron unha bonificación por xubilación sen actividade provisional e por ser arquitectos ao servizo da administración pública con dedicación exclusiva, cando a vinculación sexa permanente, non precisaran entregar a documentación acreditativa da vixencia da situación que dá lugar á aplicación da bonificación, sempre e cando se manteñan as circunstancias que orixinaron o dereito á cota bonificación e salvo requirimento expreso da Secretaría Colexial. Para renovar a bonificación por ser arquitectos ao servizo da administración pública con dedicación exclusiva, cando a vinculación non sexa permanente, será preciso entregar a documentación acreditativa da vixencia da situación que dá lugar á aplicación da bonificación.
- **Perda do dereito a aplicar unha bonificación:** en caso de que, unha vez recoñecida unha bonificación, se **perda o dereito a aplicar a mesma por incumprir os requisitos establecidos**, a Secretaría Colexial poderá determinar a perda da bonificación no exercicio no que se produza o incumprimento e no seguinte.
 - **Consecuencias da ocultación e simulación de datos:** a ocultación ou simulación de datos que o Colexio deba coñecer no exercicio das súas funcións de control ou para o reparto equitativo das cargas Colexiais, segundo o art. 69,3 j) dos Estatutos, constitúe unha infracción grave suxeita a responsabilidade disciplinaria.



NORMAS PARTICULARES EN FUNCIÓN DAS BONIFICACIÓNS:

1. Primeira colexiación.

a. Beneficiarios/as:

Persoas que obtiveran título habilitante para exercer a arquitectura en España, sexa español ou estranxeiro, que non estiveran colexiados con anterioridade en ningún Colexio de Arquitectos de España, e que soliciten e obteñan a colexiación no COAG individualmente.

b. Requisitos:

- Aportar a documentación requirida para a súa colexiación
- Obter a alta colexial mediante acordo da Xunta de Goberno, a Comisión Executiva ou mediante acordo provisional do/a Secretario/a da Xunta de Goberno.

c. Duración:

Aplicarase o desconto de primeira colexiación conforme ao determinado nos “Criterios de aplicación das cotas colexiais e servizos voluntarios” ou documento similar que estableza a Xunta de Goberno.

2. Desempregados/as.

a. Beneficiarios/as:

Os/As colexiados/as que se atopen en situación de desemprego, que non exerzan a profesión por conta propia ou allea e que presenten a correspondente documentación acreditativa.

b. Requisitos

- i. **Presentar no momento da solicitude a seguinte documentación acreditativa:**
 - o Certificado de demandante de emprego do Servizo Galego de Colocación, do INEM ou servizo público similar.
- ii. Declarar expresamente, no momento de realizar a solicitude, que se cumpren os requisitos para gozar da bonificación correspondente, comprometéndose a notificar calquera modificación nas circunstancias que orixinan a aplicación da presente bonificación ao Colexio.

A finais do exercicio de aplicación da bonificación, deberase presentar o Informe de vida laboral emitido pola Seguridade Social que comprenda os datos ata o 1 de decembro do exercicio no que se aplicou a bonificación.

c. Condicións:



- A aplicación da bonificación por atoparse en situación de desemprego, é incompatible co exercicio da profesión por conta allea ou por conta propia, salvo autorización expresa da Secretaría colexial.
- En caso de que desaparezan as circunstancias que daban lugar á aplicación da presente bonificación, a mesma será anulada e o colexiado deberá aportar o importe da cota íntegra anual que resultaría de non aplicar a bonificación.
- O dereito a aplicación da bonificación rematará o 31 de decembro do exercicio para o cal se solicitou

3. Arquitectos ao servizo da administración pública con dedicación exclusiva.

a. Beneficiarios/as:

Os/As colexiados/as que exerzan como Arquitectos funcionarios ou persoal laboral fixo con dedicación exclusiva ao servizo das Administracións Públicas, Entes e Empresas Públicas, sempre que o xustifiquen aportando a correspondente documentación acreditativa.

b. Requisitos :

- i. Presentar no momento da solicitude a seguinte documentación acreditativa:
 1. Certificación administrativa, expedida por quen corresponda na entidade na que o colexiado/a solicitante desempregue as súas funcións, acreditando a condición de funcionario/a ou empregado/a público e que se atopa en réxime de dedicación exclusiva e, por tanto, incompatible co exercicio libre da profesión de Arquitecto.
- ii. Declarar expresamente, no momento de realizar a solicitude, que se cumpren os requisitos para gozar da bonificación correspondente, comprometéndose a notificar calquera modificación nas circunstancias que orixinan a aplicación da presente bonificación ao Colexio.

c. Condicións:

- A aplicación da presente bonificación é incompatible co exercicio da profesión por conta allea ou por conta propia, salvo nas funcións correspondentes ao posto na Administración para o cal se dispoña de dedicación exclusiva.
- En caso de que desaparezan as circunstancias que daban lugar á aplicación da presente bonificación, a mesma será anulada e o colexiado deberá aportar o importe da cota íntegra anual que resultaría de non aplicar a bonificación.
- A subscrición da bonificación por ser funcionarios ou asalariados públicos con dedicación exclusiva, é incompatible coa pertenza a calquera das listas de peritos elaboradas polo COAG. En caso de anotarse nestas listas dalgún beneficiario da referida bonificación, a mesma será anulada e o colexiado deberá aportar o importe da cota íntegra anual que resultaría de non aplicar a bonificación.
- O dereito a aplicación da bonificación de arquitectos ao servizo da administración pública con dedicación exclusiva, **cando a vinculación non sexa permanente**, rematará o 31 de decembro do exercicio para o cal se solicitou



4. Xubilados/as sen actividade profesional.

a. Beneficiarios/as:

Os/As colexiados/as que non exerzan a actividade por conta propia, sempre e cando estiveran 15 anos colexiados/as no COAG, e que se atopen en situación de xubilación ou prexubilación, incapacidade total, absoluta ou gran invalidez para o exercicio da profesión, sempre que o xustifiquen aportando a correspondente documentación acreditativa.

b. Requisitos :

i. Presentar no momento da solicitude a seguinte documentación acreditativa:

- o Documento emitido pola Seguridade Social ou da Hermandad Nacional de Arquitectos acreditando que o colexiado solicitante se atopa na situación de xubilado, prexubilado, incapacidade total, absoluta e gran invalidez.

- ii. **Declarar** expresamente, no momento de realizar a solicitude, que se cumpren os requisitos para gozar da bonificación correspondente, comprometéndose a notificar calquera modificación nas circunstancias que orixinan a aplicación da presente bonificación ao Colexio.

c. Condicións :

- A aplicación da presente bonificación é incompatible co exercicio da profesión por conta allea ou por conta propia, salvo autorización expresa da Secretaría colexial.
- En caso de que desaparezan as circunstancias que daban lugar á aplicación da presente bonificación, a mesma será anulada e o/acolexiado/a deberá aportar o importe da cota íntegra anual que resultaría de non aplicar a bonificación. Neste caso, non se poderá volver a solicitar a bonificación ata o seguinte exercicio, debendo aportar de novo a documentación acreditativa.
- A subscripción da presente bonificación é incompatible coa pertenza a calquera das listas de peritos elaboradas polo COAG. En caso de anotarse nestas listas dalgún beneficiario da referida bonificación, a mesma será anulada e o colexiado deberá aportar o importe da cota íntegra anual que resultaría de non aplicar a bonificación.

5. Maternidade/paternidade.

a. Beneficiarios/as:

Os/As colexiados/as que foron pais/nais durante o exercicio anterior ao de configuración da colexiación, que presenten a correspondente documentación acreditativa.

b. Requisitos Documentación Acreditativa



- i. Presentar no momento da solicitude a seguinte documentación acreditativa:
 - o Certificado emitido polo Rexistro Civil ou documento similar que acredite o nacemento ou adopción do fillo/a, que indique a data de nacemento ou adopción, así como os da persoa proxenitora ou adoptante que solicita a bonificación.
- ii. Declarar expresamente, no momento de realizar a solicitude, que se cumpren os requisitos para gozar da bonificación correspondente, comprometéndose a notificar calquera modificación nas circunstancias que orixinan a aplicación da presente bonificación ao Colexio.

c. Condicións

- En caso de que dous colexiados/as teñan dereito á mesma bonificación, polo/a mesmo/a fillo/a, poderán aplicala ambos.
- O importe da bonificación será o mesmo con independencia no número de fillos.
- O dereito a aplicación da bonificación rematará o 31 de decembro do exercicio para o cal se solicitou.